

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 30 DE XUÑO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trinta de xuño de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte e tres de Xuño do dous mil oito (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

1- Solicitud de información urbanística interesada por **Don Jerónimo Docampo Martínez** con domicilio en Sampaio, Ribadavia. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 16.06.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Maquians, N-120, a solicitude de Don Jerónimo Docampo de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

2- Solicitud de información urbanística interesada por **Don Francisco J. Deaño Carballal** con domicilio en Estrada Filgueira nº88, 2ºB, Francelos. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 16.06.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Encrucillada nº7, Francelos, a solicitude de Don Francisco J. Deaño Carballal de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

3- Solicitud de Dona Josefina González Pena con dirección na Rúa Veronza nº2-1ºDrcha., mediante o que solicita unha prórroga ao expediente nº 1323-ON a consecuencia da imposibilidade de presentación do proxecto técnico no prazo de tres meses establecido na providencia de subsanación de data 26.03.08.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda conceder unha prórroga dun mes para proceder a subsanación das citadas deficiencias.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Escrito da Consellería de Traballo, Delegación Provincial , Servizo de Promoción do Emprego comunicando o outorgamento da subvención para “Grupo de mantemento, conservación e labores de auxilio na piscina municipal”, con cargo á aplicación orzamentaria 16 02 322A 460 0 200700667, polo importe de 4880,46 euros , equivalente aos custos salariais dos traballadores contratados, maila cotización empresarial á Seguridade Social derivada de ditos salarios, resultante da contratación de 1 traballadores/as desempregados/as para a realización das obras ou servizos segundo a desegracións que figura no anexo á resolución.

2º.- Escrito da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con data de RE 24.06.08 e nº3844, en relación coa acta levantada pola Policía Local de Ribadavia de data 10.05.08 pola que se aprecia presunta infracción en materia de xogo, comunicando que a Ilma. Sr<sup>a</sup>. Directora Xeral de Interior emitiu acordo de apertura de expediente sancionador a D. Gil Vázquez Vázquez, por estar practicando o xogo do “Trile” en Ribadavia na data indicada.

3º- Comunicación da Deputación Provincial de Ourense, Área de Infraestructuras e Servizos con data de RE 25.06.08 e nº 3872 informando sobre a autorización da Presidencia para a execución de traballos con brigadas da deputación, donde o concello deberá colaborar economicamente na seguinte obra:

Data aprobación: 26.05.08

Denominación da Obra: Camiños en Fonte do Cano (Franqueriran)

Estimación do custo da man de obra: 4.155,60€

Estimación do custo da man da maquinaria: 1.566,29€

Estimación do custo de materiais: 4.987,20€

Estimación do custo total: 10.709,09€

O concello pondrá a disposición da brigada os medios necesarios para a execución das obras, que unha primeira estimación representan un total de 0€ que deberá ingresar con carácter previo na conta da Deputación nº 2080 0251 54 0041386110.

Deliberado sobre o particular, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

- Poner a disposición da Deputación os terreos necesarios para a execución das obras, que en calquera caso non poderá exceder da ocupación do dominio público propiedade do Concello de Ribadavia invadindo terreos privados-
- Declaración de que o Concello se fai cargo dos danos e perdas que se deriven da execución das obras, en relación coas ocupación dos terreos, servidumes e casos semellantes.
- Declaración de que as obras solicitadas cumpren co establecido no art. 35 da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 de decembro.

4º- Comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible de data de RE 25.06.08 e nº3873 donde resolve desestimar a solicitude de subvención, para a realización de actividades de educación para a sustentabilidade, por baremo insuficiente.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CELEBRACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBADAVIA E A ASAMBLEA COMARCAL DE CRUZ VERMELLA DO RIBEIRO.**

Que ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de Ribadavia e a Asamblea Comarcal de Cruz Vermella do Ribeiro para o programa de Axuda a Domicilio complementaria, sendo as obrigas de ámbas partes as seguintes:

#### **1º- Por parte da Asamblea Comarcal de Cruz Vermella O Ribeiro:**

- Desenvolvelo programa de acordo cos protocolos e metodoloxía establecidos no Anexo I que se adxunta co presente convenio.
- Poñer en coñecemento de Concello de Ribadavia calquera incidencia que afecte o normal desenvolvemento deste Convenio.
- Enviar mensualmente ó Concello de Ribadavia os recibos derivados do desprazamento do voluntariado.
- Ambas partes comprométense a cumprir, nos términos que sexan de aplicación, o establecido na lei 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, do 13 de Decembro de 1999 e lexislación aplicable.
- Formar o/as voluntario/as que participan no proxecto de Axuda a Domicilio Complementaria, ofrecendo formación especializada en persoas maiores.
- Difusión nos medios de comunicación.
- Manter a lo menos dúas reunións anuais de seguemento e avaliación do programa cos Servizos Sociais Municipais

#### **2º- Por parte do Concello de Ribadavia:**

- Valorar e derivar usuario/as que se beneficiarán do proxecto de Axuda a Domicilio Complementaria de acordo cos protocolos e metodoloxía establecidos no Anexo 1 que se adxunta no presente convenio.
- Asumilos gastos correspondentes o desprazamento do voluntariado, tendo en conta:
  1. Que os desprazamentos non poden exceder de máis de tres kilómetros da Asamblea Comarcal de Cruz Vermella.
  2. Que o custo mensual por usuario, correspondente ó desprazamento do voluntario será de 4,56€
  3. O pago dos recibos remitidos por Cruz Vermella, efectuaranse mensualmente por medio de transferencia bancaria o Banco Santander Central Hispano nº conta 0049 2928 88 2614014113
- Manter a lo menos dúas reunións anuais de seguemento e avaliación do programa con Cruz Vermella de O Ribeiro.

O Secretario informa de que é preciso acreditar a existencia de crédito informando ao Sr. Interventor de que existe consignación orzamentaria.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade suscribir o citado convenio facultando ao Sr. Alcalde para a firma do mesmo, remitindo unha copia a Secretaría Xeral da Cruz Vermella.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO